

A Asociación de Escritores pide que o 24 de febreiro sexa declarado Día de Rosalía

22/02/2015 12:20

Música e poemas no Panteón de Galegos Ilustres, na igrexa de Bonaval, en Santiago, para homenaxear este domingo á gran dama das letras galegas.

Ós pés da tumba de Rosalía de Castro, a Asociación de Escritores en Lingua Galega reivindicou o legado da autora de Cantares Gallegos. Din que coñecela é coñecérmonos a nós mesmos e por iso piden que o 24 de febreiro sexa declarado Día de Rosalía.

A Asociación de Escritores en Lingua Galega tamén reclama que se facilite o acceso ó Panteón de Galegos Ilustres, onde repousan os restos de moitos dos piares da nosa literatura.